



Xanthoria parietina (L.) Th. Fr.

Lique foliáceo moi común en Galicia e de ampla distribución mundial. Vive en todo tipo de substratos, aínda que prefere zonas expostas, como as rochas da costa (foto 2), tanto en zonas urbanas como nas rurais. Trátase dunha especie nitrófila e bastante toxitolerante.

Os talos forman rosetas de ata 10 cm de diámetro (foto 1), que pódense unir formando grandes manchas (foto 2). Cando medra é de cor laranxa nas zonas expostas (fotos 1, 2, 3) e amarela verdosa nas zonas de sombra (foto 4).

Os lóbulos teñen de 1-4 mm de ancho, son planos ou algo cóncavos. Con frecuencia fértil, presentando apotécios coa mesma cor do talo, o disco pode ter unha cor máis intensa (detalle nas fotos 3 e 4). Esporas hialinas, elipsoidais e polariloculares (foto 5).

Fotobionte: alga verde tipo clorococcoide.

Reaccións: talo e apotécios K + púrpura.

